

AS ACTIVIDADES QUE FAREMOS

Día 1.

Viaxe a Eslovenia vía Madrid, chegada ao hotel

DIA 2. Ljubelju, Planina Korosica, Hajnzevo Sedlo

Lonxitude: 10 km Dificultade: media Desnivel: medio/alto, forte nalgúns puntos

Nos desprazamos ata Ljubelju (900m), onde comeza a nosa primeira ruta en Eslovenia. Antes de comezar a camiñar teremos un rato para poder ver os restos dun antigo campo de concentración situado neste mesmo lugar. Aquí enviaron prisioneiros que moitos deles previamente pasaron polo campo de concentración de Mauthausen. Estaba aquí situado porque os prisioneiros foron empregados como man de obra para facer un túnel que comunicara con Austria.

O percorrido nos leva por unha ampla pista ata Planina Korosica (1550m), unha fermosa pradaría rodeada dunha impresionante paisaxe alpina. Neste punto existe unha pequena pero ben bonita cabana a modo de refuxio. O percorrido transcorre por zonas de bosque. Dende a cabana haberá opción de continuar ata o collado de Hajnzevo, por un estreito e incómodo sendeiro, xa na fronteira con Austria. As vistas desde o mesmo son espectaculares.

A ruta, que é de ida e volta, ten en total 10 km. É salientable a pendente que chega a ter a pista entre os quilómetros 1 e 3. Hai que subir (e logo baixar) amodo.

Ao rematar, se hai tempo pararemos en Bled para que poidades dar unha volta e refrescarvos nas zonas de baño do lago se houbera ocasión.

MIDE Planina Korosica

Horario:	5h 25´	Severidade do Medio Natural:	2
Desnivel de subida:	1000 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	1000 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	10 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Ida e volta		

DÍA 3. Stara Fucina. Planini Pri Jezeru.

Lonxitude: 10 km Dificultade: media Desnivel: medio/alto, forte nalgúns puntos

O bus nos leva ata Stara Fucina, nas proximidades do lago Bohinj. Dende aquí faremos unha ruta de ida e volta que nos leva ata Planini Pri Jezeru, on dos lugares mais emblemáticos deste sector dos Alpes Julianos pola beleza das súas paisaxes. A ruta ten tramos de camiños amplos, pistas e sendeiros e son abondosas as zonas de bosque. Ao pouco de comezar temos un tramo de camiño con forte pendente que nos leva ata Vogar, onde hai un impresionante miradoiro sobre o lago, que se usa tamén como punto de despegue de parapentes. Un pouco máis adiante pasamos por unha bonita zona de cabanas, unha delas está habilitada como refuxio. O percorrido segue por sendeiros e logo tramos de pista ata chegar ao noso obxectivo, onde tamén hai numerosas cabanas e outro refuxio, preto dun pequeno lago, que nome ao lugar.

E salientable a pendente que ten o camiño nos quilómetros iniciais.

MIDE Planini Pri Jezeru

Horario:	7h 15'	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	1200 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	1200 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	17,8 km	Cantidade de esforzo necesario:	4
Tipo de percorrido:	Ida e volta		

DÍA 4. Liubliana.

Lonxitude: 5 km Dificultade: baixa Desnivel: baixo/medio

Podemos considerar esta xornada como un día de descanso activo. Iremos no bus ata a capital do país Liubliana onde faremos un breve pero bonito percorrido polo parque e monte Tívoli. É un itinerario corto pero bonito por un dos espazos naturais, e de ocio, máis interesantes cos que conta a cidade. Ten unha abondosa superficie arbolada. Ao rematar teremos ocasión de ir camiñando ata o centro da cidade (a escasos 15 minutos) onde teremos tempo para percorrer as súas fermosas rúas, pasear pola beira do río Ljubljanica ou achegarnos ao castelo que preside a capital.

Liubliana é unha cidade moderna e acolledora que combina historia, natureza e vida cultural. Aínda que non é unha capital moi grande, destaca pola súa calidade de vida e polos seus numerosos espazos verdes. O seu casco histórico conserva edificios antigos, prazas con encanto e rúas cheas de cafeterías. A cidade tamén é un importante centro universitario e cultural de Eslovenia. Grazas ao seu tamaño compacto, pódese percorrer facilmente a pé ou en bicicleta.

Ao rematar, se hai tempo pararemos en Bled para que poidades dar unha volta e refrescarvos nas zonas de baño do lago se houbera ocasión.

MIDE Liubliana

<u>Horario:</u>	<u>1h 35´</u>	<u>Severidade do Medio Natural:</u>	<u>1</u>
<u>Desnivel de subida:</u>	<u>193 m.</u>	<u>Orientación no Itinerario:</u>	<u>2</u>
<u>Desnivel de baixada:</u>	<u>193 m.</u>	<u>Dificultade do desprazamento:</u>	<u>2</u>
<u>Distancia horizontal:</u>	<u>4,7 km</u>	<u>Cantidade de esforzo necesario:</u>	<u>2</u>
<u>Tipo de percorrido:</u>	<u>Circular</u>		

DÍA 5. Pico Visevnik e Planina Uskovnici

Lonxitude: 15,2 km Dificultade: media/alta Desnivel: alto, forte nalgúns puntos

Nesta xornada non faremos uso do autobús. A ruta comeza mesmo no hotel onde estamos aloxados, é un percorrido circular que nos leva ao alto do Visevnik, a máis de 2000m de altitude. As vistas dende o mesmo son espectaculares. O itinerario previsto tamén nos leva, por zonas baixas, ata Plania Konjscica e Planina Uskovnici. O percorrido é duro polo desnivel e o tipo de terreo no tramo último da ascensión. Os que queiran unha opción de ruta máis sinxela poden evitar a subida e facer solo o percorrido circular. Deste xeito se reduce considerablemente a dificultade, aínda así non é un paseo.

As vistas das que goza este percorrido son unha fermosura e mostran perfectamente a esencia destas montañas

MIDE Pico Visevnik e Planina Uskovnici

Horario:	6h 45´	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	1157 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	1157 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	15,2 km	Cantidade de esforzo necesario:	4
Tipo de percorrido:	Circular		

DÍA 6. Ratece. Pico Pec o Tromeja

Lonxitude: 10 km Dificultade: baixa/media Desnivel: medio

Nos trasladamos ata Ratece (850m), un bonito pobo alpino situado moi preto da fronteira con Italia. A ruta prevista este día nos leva ao cumio Tromeja (1508m). Este pico ten a peculiaridade de facer fronteira con Austria e Italia. Ten un alto valor simbólico xa que se soe ver como un lugar de encontro entre tres mundos ou culturas ben diferentes: o esloveno, o xermánico e o latino. Tamén se ve como un símbolo de reconciliación, convivencia e cooperación europea. A ruta é variada e pasa por zonas de bosques de abetos e frondosas. O último tramo de ascenso é o máis duro, e aínda que o cumio está moi humanizado (algún monólito, antenas e un pequeno remonte na parte austríaca), a recompensa ben paga a pena xa que as vistas, sobre todo cara a parte de Austria son excepcionais. A ruta non ten dificultades, máis alá da pendente nalgún tramo do percorrido, o cal transcorre por pistas e sendeiro.

Ao rematar nos achegaremos a Jezero Jasna, onde hai un lago con zona de baño por si queredes refrescarvos.

MIDE Pico Tromeja

<u>Horario:</u>	<u>4h 35´</u>	<u>Severidade do Medio Natural:</u>	<u>3</u>
<u>Desnivel de subida:</u>	<u>793 m.</u>	<u>Orientación no Itinerario:</u>	<u>2</u>
<u>Desnivel de baixada:</u>	<u>793 m.</u>	<u>Dificultade do desprazamento:</u>	<u>2</u>
<u>Distancia horizontal:</u>	<u>10,2 km</u>	<u>Cantidade de esforzo necesario:</u>	<u>3</u>
<u>Tipo de percorrido:</u>	<u>Circular</u>		

DÍA 7. Stara Fucina. Garganta de Mostnica e a súa fervenza

Lonxitude: 14 km Dificultade: baixa/media Desnivel: medio

É unha das rutas máis fermosas e accesibles do Parque Nacional de Triglav. Comeza na pequena aldea alpina de Stara Fužina, moi preto do Lago Bohinj, e segue o curso do río Mostnica a través dunha espectacular gorxa escavada na rocha calcaria ao longo de milleiros de anos. O primeiro treito percorre pasarelas e sendeiros ben acondicionados entre un bosque húmido, onde a auga, dunha transparencia sorprendente, forma pozas de cor verde esmeralda, pequenos rápidos e curiosas formas erosionadas na pedra. Nalgúns puntos, a gorxa apenas alcanza un metro de ancho, mentres que as paredes verticais superan os vinte metros de altura, creando unha paisaxe moi espectacular. O sendeiro entra no tranquilo **Val de Voje**, unha ampla chaira glaciaria con prados alpinos, cabanas tradicionais e magníficas vistas das montañas que rodean o val. Ao final do percorrido atópase a fermosa fervenza de Mostnica, duns 21 metros de altura, un excelente lugar para descansar antes de emprender o regreso polo mesmo camiño.

Algún tramo do sendeiro pode ser algo incómodo.

A ruta remata en Ribčev Laz, á beira do lago Bohinj. Se houbera tempo poderedes aproveitar para refrescarvos nalgunha das zonas de baño do lago

MIDE Garganta de Mostnica

Horario:	4h 30´	Severidade do Medio Natural:	2
Desnivel de subida:	499 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	484 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	13,9 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido: Circular			

Día 8.

Viaxe de regreso a casa.